



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Xose Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. Jesús Alfaya Fernández
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Leopoldo José Cadaya Vidal
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. José Cidrás Pidre
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. Luis Espada Recarey
D. Manuel Fernández Areal
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Rubén Frieiro Barros
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D. Alfonso Luis López Otero
D^a. M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D^a Ascensión Muñoz del Barrio
D. Xose Luis Outes Ruso
D. Alejandro Padín Mariño
D. Adolfo Pérez Abellás
D. Juan Pérez de Obanos Herrero
D. Mariano P-Mtnez. y P-Amor
D. José Pose Blanco
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D^a. Antía Rodríguez Nieves
D. Carlos Román Lago
D. Antonio Rotea Villanueva
D^a M^a Elena Sánchez Trigo
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Jossé Tojo Suárez
D. Federico Vilas Martín
D. José Santiago Santos Suárez
D. José Veiro García
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do doce de marzo de mil novecentos noventa e nove, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O venres, **día 12 de marzo de 1999**, ás 10,15 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1^o.- Aprobación, se procede, de Acta de sesión anterior (19.02.99).
- 2^o.- Informe do Rector.
- 3^o.- Aprobación, se procede, dos criterios de distribución do orzamento do ano 1999.
- 4^o.- Proposta de límite de prazas para o curso 1999-2000.
- 5^o.- Proposta de cambio de departamento das áreas de coñecemento: Filosofía do Dereito e Filosofía Moral.
- 6^o.- Aprobación, se procede, das seccións departamentais dos departamentos de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente, Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, Linguaxes e Sistemas Informáticos e Economía Financeira e Contabilidade.
- 7^o.- Proposta de normativa para a concesión do grao de Doutor Honoris Causa.
- 8^o.- Asuntos de profesorado: Prazas BOE, transformacións, visitantes e permisos.
- 9^o.- Aprobación, se procede, da normativa de contratación de profesores visitantes.
- 10^o.- Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas de investigación do ano 1999.
- 11^o.- Aprobación da exención docente para os cargos de Director da Oficina de Medio Ambiente, e Presidente da Comisión de Doutoramento.
- 12^o.- Elección da Comisión do Servizo de Publicacións.
- 13^o.- Elección da Comisión de Usuarios do CACTI.
- 14^o.- Aprobación, se procede, do convenio entre a Universidade Federal de Viçosa (Brasil) e a Universidade de Vigo e do acordo-marco de colaboración co Seminario Galego de Educación para a Paz (S.G.E.P.).
- 15^o.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa como Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

No **punto 1, apróbase por asentimento** a acta da sesión anterior (19-02-99) recollendo as alegacións presentadas polo Sr. Álvarez Moreira (puntos 4, 7, 15 e 19) e polo profesor Pérez-Martínez Pérez-Amor (punto 19), que xa aparecen reflectidas na redacción definitiva.

No **punto 2**, o Rector informa:

a) Sobre os seguintes nomeamentos:

- Decano Comisario da Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Pontevedra): D. Pedro Figueroa Dorrego.
- Delegado do Rector na Comisión Interuniversitaria de Galicia: D. Carlos Hervés Beloso.
- Xefe do Gabinete de Comunicación e Prensa: D. Primitivo Carbajo Centeno.

b) Sobre o proceso de elaboración dos plans de estudio das novas titulacións.

c) Sobre as conversas mantidas en relación co problema do transporte.

d) Sobre o problema das prácticas de Química Física Xeral do curso 1995/96 (o acordo da anterior Xunta de Goberno xa foi remitido ó Departamento e na actualidade estase a decidir qué profesor se vai encargar do expediente de información reservada).

e) Sobre o estudio da posta en marcha dunha Comisión de avaliación da calidade dentro da Universidade e outra en colaboración co Consello Social.

f) Sobre residencias e vivendas: o Rector precisa que aínda está a Universidade nunha fase na que se priman fundamentalmente os equipamentos docentes no orzamento, tal como fora recollido na Programación Plurianual aprobada polo Claustro en setembro de 1996.

O Regulamento de Residencias e Colexios Maiores da Universidade dá abeiro á intervención da iniciativa privada mediante concurso público para construción de residencias e vivendas. Sinala que hai constancia do interese de diferentes axentes en participar tanto en Ourense coma en Pontevedra.

As actuacións neste tema serán as seguintes:

En Vigo (Campus Lagoas-Marcosende) e en Pontevedra, concurso público para a construción de edificios de vivendas que dean servizo o problema do aloxamento dos estudantes, xunto con servizos comerciais.

En Ourense, baseándose no convenio asinado entre varias consellerías e a Universidade, Xestur xestionará a promoción de vivendas. No tema de residencias estanse a ter conversas coa Consellería de Educación para que sexa posible levar a cabo un concurso público para que, de acordo co regulamento vixente, a iniciativa privada poida colaborar coa Universidade.

No **punto 3**, o Vicerrector de Planificación expón as liñas xerais dos "Criterios de

distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 1999" segundo o acordado na Comisión Económica Delegada da Xunta de Goberno.

A continuación se produce un debate no que interveñen varios membros da Xunta de Goberno:

O profesor Gutiérrez pregunta se o punto 1.c) das normas complementarias de execución, relativo á Escola Universitaria de Fisioterapia, vai ser actualizado ou modificado ó que se lle responde que si.

Os Sres. Álvarez Moreira e Alfaya manifestan o seu desacordo co concepto 229.03 (punto 3).

A profesora López Vidal pregunta polo criterio para a cualificación de "pequenas reparacións" (O Vicerrector de Planificación apela ó sentido común e aclara que hai reparacións importantes que sempre poderán ser asumidas polos Servicios Centrais). Tamén pide aclaracións en relación coa tramitación dos gastos de teléfono no caso dos profesores que estean en máis dun centro.

O profesor Pose lamenta o atraso na presentación destas normas. Di que xa existían normas de anos anteriores que funcionaban e favorecían o aforro e o autocontrol. Cualifica de "políticos" os cambios que se presentan. Pon en dúbida que se poida funcionar co cambio no tema de comunicacións (pagamento xestionado dende os servicios centrais). Ademais non está de acordo co concepto 229.03.

O profesor Barreiro apoia o que se recolle no concepto 221 de subministros, pregunta polas novas titulacións e pide aclaración do artigo 21 no caso de titulacións con edificio compartido.

O profesor Candelas non está de acordo co coeficiente específico (biblioteca) de 1 para centros experimentais e de 1,5 para non experimentais, di que no caso de Humanidades a diferenza entre coeficientes debería ser moito máis grande.

O profesor Pérez Amor non está de acordo cos coeficientes 5,3,1 no concepto 221 de subministros e pide que conste na acta que na súa opinión non é xusto ese reparto pois un mesmo departamento ten asignadas cantidades con criterios diferentes en función do centro no que dea docencia. Tamén propón outro tipo de reparto para os conceptos 222.1 e 222.2 (Comunicacións) pois tal como están non hai coherencia co establecido no punto 4 da páxina 7 (coeficiente específico-biblioteca).

O Vicerrector de Planificación respóndelle que buscar un criterio xusto no tema dos coeficientes (5,3,1) por ámbitos, levaríanos a ter que coñecer a fondo cada tipo de práctica; mesmo hai prácticas non experimentais nas que se traballa de igual xeito que en certas experimentais.

O profesor Araujo pide aclaracións sobre os conceptos 222 e 628.1.

O Sr. Carpintero pregunta cómo se vai facer o reparto de fondos ás delegacións de alumnos.

O Sr. Martínez Cacharrón recorda unha emenda ó proxecto de orzamento para que se tivera en conta a representación dos estudantes e considera transparentes e obxectivos os criterios do concepto 229.03.

O profesor Durany di que o establecido no concepto 229.03 non é nada aleatorio e di que é un bo criterio de reparto.

O profesor Corbacho fai no nome do profesor Candelas (ausente), a seguinte proposta para

o coeficiente específico (biblioteca): 3 para Humanidades, 1,5 para Xurídico-Social, 1 para Ciencias da Saúde, Ciencias e Tecnoloxía.

Despois do anterior debate, procédese a concretar as seguintes propostas:

Proposta 1: modificar na páxina 7, o coeficiente específico (biblioteca) que quedaría como segue:

- a) Centros experimentais....1
- b) Centros non experimentais....2

Apróbase por asentimento

O mesmo tempo ínstase á Comisión Económica que recolla a posibilidade de cubrir unha demanda urxente no ámbito de Humanidades e que se estudie o tema para o futuro.

Proposta 2: modificar o concepto 222 (comunicacións) quedando do seguinte xeito:

1. Coeficiente 1,5 en concepto de fixo e consumo de línea, por profesor a tempo completo.
2. Coeficiente 0,5 en concepto de fixo e consumo por profesor a tempo parcial.
3. En concepto de fixo e consumo por equipo directivo de centro e departamento 50.000 pts.

Apróbase.

Proposta 3: eliminación do punto 3 da alínea 229.03 (proposta do Sr. Gómez Soler)

Votos a favor da eliminación do punto....11
 Votos a favor de manter o punto.....24
 Abstención.....3

Segundo a votación rexéitase a proposta terceira.

A continuación procédese a votar globalmente os criterios presentados coas modificacións aprobadas tralas propostas 1 e 2:

A favor do documento.....26 votos
 En contra do documento.....9 votos
 Abstencións.....2

Apróbanse os criterios de distribución do orzamento do ano 1999 (Anexo I) coas modificacións antes subliñadas.

O Sr. José Ángel Álvarez Moreira pide que conste nesta acta o seguinte voto particular:

"Con respecto a la votación realizada dentro del punto 3º del orden del día de la Junta de Gobierno del 12-III-99, sobre la eliminación o no del apartado 3º de la partida 229.03 deseo que conste lo siguiente:

Mi voto fue a favor de la eliminación del mencionado punto por las siguientes razones:

- a) El apartado 172.3.b.2 dice que entre los fines de las delegaciones de alumnos esta el de "Xestionar os seus recursos".

b) Aparte de la presunta ilegalidad de este punto, reflejado en el apartado anterior:

- I) Atenta contra la libertad de independencia de las delegaciones de alumnos fomentando la politización de los mismos.
- II) No se tiene en cuenta la diversidad de organización existente en las diferentes delegaciones de alumnos.
- III) Existencia de partidas específicas para asociaciones cuyo fin estatutario sea la representación estudiantil.
- IV) No se responde a la pregunta realizada:
Si el 50% es para gastos de funcionamiento y el otro 50% "repartirse polo Decano ou Director proporcionalmente á representatividade dos estudantes" ¿qué pasa si en delegación existen sólo dos grupos que tienen la misma representatividad y uno de ellos no realiza gastos? ¿dónde va el 25% del presupuesto de la delegación dedicado a este segundo grupo que no realiza gastos?
- V) Si un alumno decide asignarse un sueldo que corresponde a la parte alicuota del 50% del total que le corresponde, y lo justifica como gasto de representatividad, no justificando ningún otro ¿se le concederá tal salario?"

Na mesma línea, o Sr. Frieiro Barros pide que conste o seguinte:

"Eu, Rubén Frieiro Barros, como membro da Xunta de Goberno polo sector alumnos, quero que conste na acta o meu voto particular a favor da retirada do punto 229.03.3 dos criterios de distribución e normas complementarias de execución dos criterios descentralizados para o ano 1999, relativo ó punto 3 da orde do día da presente Xunta de Goberno, fundamentado polos seguintes motivos:

1. Este punto contradice o artigo 172.3.b.2 dos estatutos desta Universidade.
2. Atenta contra a liberdade de independencia das delegacións de alumnos fomentando a politización das mesmas e a creación de grupos políticos.
3. Non ten en conta a diversidade de organización existente nas delegacións de alumnos dependendo do centro do que forman parte.
4. Pode este punto favorecer a aqueles grupos que dentro dunha delegación teñan unha representación maioritaria fronte a aquelas persoas que se manteñen fóra de calquera tipo de organización, atentando así contra os dereitos dos grupos minoritarios".

No **punto 4**, o Vicerrector de Organización Académica presenta a proposta de límite de prazas para o curso 1999-2000, elaborada pola COAV a partir das propostas dos centros.

A continuación interveñen varios membros da Xunta de Goberno:

O profesor Pose pregunta pola supresión de 75 prazas con respecto á proposta do centro.

O profesor Outes pregunta qué criterios ten a COAV para facer unha proposta e por qué hai centros que ano tras ano dan cifras sen criterio.

O profesor Rodríguez Berrocal pide aclaracións sobre os datos da Facultade de Ciencias de Vigo, pregunta polas prazas ofertadas en Dereito (Vigo) e tamén por qué hai centros nos que non se propoñen límites, aínda que sexa en segundo ciclo.

O profesor Pérez Amor fala de disparidade de criterios na proposta da COAV con respecto á proposta dos centros.

O Sr. Soto manifesta a súa disconformidade co límite de prazas.

O profesor Rodríguez Ennes, en relación coas prazas ofertadas en Dereito (Vigo) di que a demanda da titulación é moi alta (300 matriculados en primeira opción) e que a nota de corte foi de 6,4 no último curso. Engade que o novo edificio estará terminado para o segundo cuadrimestre e que mentres (despois de consultada a Facultade de Ciencias) a aula que agora se destina pola mañá para primeiro curso, poderá destinarse pola tarde para o novo grupo.

O profesor Surís explica a proposta da Facultade de Económicas tanto nos primeiros ciclos como para o acceso ós segundos ciclos.

O profesor Outes propón que se retire o punto desta Xunta de Goberno e que se trate na seguinte, acompañada dun estudio que recolla a nota de corte por titulación, a bolsa de repetidores que hai en cada centro, a taxa de desemprego en cada titulación e as necesidades futuras en España por segmento de mercado.

O profesor Pérez Amor está de acordo co interese de recompilar eses datos.

O profesor Membiela non está de acordo con ese enfoque reduccionista que leva a considerar a un universitario como seguro empregado.

Despois do debate, o Rector propón as seguintes variacións sobre a proposta da COAV: 100 prazas en Mestre en Educación Infantil, Educación Especial e Educación Primaria en EXB (Ourense), 75 prazas en LADE, 2º ciclo (Ourense), 100 prazas en Belas Artes (Pontevedra), 75 prazas en LADE, 2º ciclo (Vigo), 30 prazas en Economía, 2º ciclo (Vigo), 100 prazas en primeiro curso de Filoloxía Galega e de Tradución e Interpretación en Humanidades (Vigo).

Sométese a proposta a votación:

Votos a favor.....22

Votos en contra.....5

Abstencións.....9

Apróbase a proposta que xúntase a esta acta como anexo II.

A profesora López Vidal pide que conste na acta a súa disconformidade coa limitación de prazas en segundo ciclo.

No **punto 5, apróbase por asentimento** á incorporación da área de coñecemento de Filosofía do Dereito (antes no Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa) no Departamento de Dereito Privado, e da área de Filosofía Moral (antes no Departamento de Análise e Intervención Bicosocioeducativa) no Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.

O **punto 6**, relativo ás seccións departamentais dos departamentos de Enxeñería dos Recursos Naturais e Medio Ambiente, Psicoloxía Evolutiva e Comunicación, Linguaxes e Sistemas Informáticos e Economía Financeira e Contabilidade, **apróbase por asentimento**.

No **punto 7**, o Vicerrector de Organización Académica explica que a proposta que se presenta

de normativa para a concesión do grao de Doutor Honoris Causa foi aprobada por unanimidade na Comisión Académica do Claustro.

O profesor Tojo apoia esta proposta, di ademais que foi consensuada na Comisión e que recolle o sentir de tódos os seus membros.

Despois das intervencións dos profesores Corbacho, Durany e Rodríguez Berrocal, **apróbase por asentimento**, cambiando no punto terceiro 3 anos por 4 anos. O novo documento engádese a esta acta como anexo III.

No **punto 8**, referente a asuntos do profesorado, **apróbase por asentimento** o seguinte:

Prazas BOE:

T02	535	TIT-UN	Vigo	Andrés Elías Feijoo Lorenzo
T02	535	TIT-UN	Vigo	Antonio Fernández Otero
T03	590	TIT-EU	Vigo	Jorge Carlos Morán González
C05	265	TIT-UN	Vigo	Ángeles Saavedra González

As seguintes Transformacións:

C08	755	Nuria Vila Romeu	de PP2 a TIT-UN(I)
H06	814	Arturo Parada Diéguez	de PP1 a TIT-UN(I)
C10	280	Belén Rubio Armesto	de PP2 a TIT-UN(I)
X08	415	José María Martín Moreno	de PP2 a TIT-UN(I)
X08	415	Jorge Falagán Mota	de PP2 a TIT-UN(I)

A contratación do seguinte profesor visitante:

D. Ubaldo García Palomares coa categoría de TIT-UN, dende 01-02-99 ata 30-09-99.

Permisos:

Á profesora D^a. Marta Cabeza Simo, dende o 01.09.99 ó 30.11.99

Á profesora D^a. M^a Jesús Freire Seren , dende o 20.09.99 ó 20.12.99

Ó profesor D. Jaime Alonso Carrera , dende o 20.09.99 ó 20.12.99

Á profesora D^a. M^a Carmen Quinteiro Sandomingo , dende o 15.03.99 ó 15.06.99

O **punto 9**, o Vicerrector de Profesorado **retírao**, por considerar que ten que ser debatido con máis profundidade na Comisión de Docencia.

No **punto 10**, o Vicerrector de Investigación explica as modificacións desta convocatoria con respecto á dos anos anteriores, di que se trata dunha primeira convocatoria e que a segunda tratarase na Xunta de Goberno do mes de abril.

O profesor Tojo indica que debe suprimirse a letra pequena que figura ó final de cada

apartado, manifestando o Vicerrector o seu acordo.

Despois das aclaracións solicitadas por varios membros da Xunta de Goberno, **apróbase por asentimento** a proposta (Anexo IV).

No **punto 11**, **apróbase por asentimento** a exención de docencia de 2 horas para o Director da Oficina de Medio Ambiente e de 1 hora para o Presidente da Comisión de Doutoramento.

No **punto 12**, o Vicerrector de Investigación, unha vez consultados todos os sectores, fai a seguinte proposta con respecto á composición da Comisión do Servicio de Publicacións (6 profesores, 3 estudantes e un membro do PAS do servicio):

Profesores

Dra. Inmaculada Anaya Revuelta-Departamento de Filoloxía Española (F.Humanidades-Vigo).

Dra. Luisa Andrade Couce-Departamento de Xeoloxía Vexetal e Ciencias do Solo (F.Ciencias-Vigo).

Dr. Abel Fermín Losada Álvarez-Departamento de Fundamentos da Análise Economía e Historia e Intitucións Económicas (F. de CC.EE.).

Dr. Benigno Fernández Salgado- Departamento de Filoloxía Galega e Latina (F. de Ciencias Sociais-Pontevedra).

Dra. Susana Reboreda Morillo-Departamento de Historia, Arte e Xeografía (F. Humanidades-Ourense).

Dr. José Luís Míguez Tabarés-Departamento de Enxeñería Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos (E.T.S.E. Industriais).

Alumnos

D^a Antía Rodríguez Nieves da E.T.S.E. Industriais.

Polo momento quedan vacantes dúas prazas.

PAS

D^a Sofía Alba Fernández do Servicio de Publicacións.

Os resultados da votación son os seguintes:

A favor da proposta.....20 votos

En contra da proposta.....0 votos

Abstencións.....10

Apróbase a proposta quedando pendente o nomeamento de dous estudantes.

No **punto 13**, o Vicerrector de Investigación, unha vez consultados todos os sectores, fai a seguinte proposta sobre a Comisión de Usuarios do CACTI (formada polo Director do CACTI, 8 profesores doutores usuarios, tres alumnos usuarios , polo menos dous de 3º ciclo, e tres membros do PAS do servicio):

Director do CACTI

Dr. Ángel Rodríguez de Lera. Catedrático de Universidade

Profesores

Dra. Betty León Fong. Catedrático de Universidade. E.T.S. Enxeñerios Industriais
 Dr. Luis Gago Duport. Profesor Titular de Universidade. Facultade de Ciencias
 Dr. Ricardo Beiras García-Sabell. Profesor Titular de Universidade. Facultade de Ciencias
 Dr. Ezequiel M. Vázquez López. Profesor Titular de Universidade. Facultade de Ciencias
 Dr. Juan Carlos Parajó Liñares. Catedrático de Universidade. Facultade de Ciencias Ourense
 Dra. M^a. Generosa Gómez Pacios. Catedrático de Escola Universitaria. E.U. E.T Industrial
 Dr. Jesús Pastor Bravo. Profesor Titular de Universidade. Facultade de Belas Artes
 Dr. José M. Lanaja del Busto. Catedrático de Universidade. E.T.S. Industriais

Alumnos

D^a. Sandra Fragueiro Barreiro. Departamento de Química Analítica e Alimentaria.
 D^a. Cristina Vázquez Martín. Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
 Polo momento queda vacante unha praza de 1º ou 2º ciclo.

PAS

Dr. Nieves Atanes Blanco. Técnico-Especialista en Análise Instrumental
 D. Jorge Millos Alfeirán. Técnico-Especialista en Análise Instrumental
 D. Antonio Souto Casa. Técnico-Especialista en Máquinas-Ferramental e Soldadura

Apróbase por asentimento.

O **punto 14**, que fai referencia o convenio entre a Universidade federal de Viçosa (Brasil e a Universidade de Vigo e do acordo-marco de colaboración co Seminario Galego de Educación para a Paz (S.G.E.P.), **apróbase por asentimento.**

No **punto 15**, formulanse os seguintes rogos e preguntas:

D. Jose Pose Blanco pregunta cal é o estado de tramitación no que se atopan os expedientes de construción do edificio destinado á titulación de Enxeñeiro de Minas e o da ampliación da Facultade de Ciencias de Vigo para a titulación de Químicas.

Roga ademais que se fagan os trámites para que Anfaco devolva o terreo no Campus de Lagoas-Marcosende, que non lle corresponde segundo consta no expediente que está no Servicio de Patrimonio.

D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal roga que se utilicen as comisións da Universidade para os fins que teñen asignados.

Roga que se dispoña de toda a información en temas tan importantes como o da publicación no BOE dos bolseiros FPI, FPU.

Roga que as accións que se fagan no Campus que teñan que ver co medio ambiente, sexan

consultadas e que se utilice a Oficina de Medio Ambiente.

Roga que se é posible, as obras no Campus se fagan en período non lectivo.

Roga que se informe por coreo electrónico a todos os membros da Xunta de Goberno da orde do día das sesións das comisións delegadas.

D. José Tojo Suárez pregunta polos atrasos nos pagamentos correspondentes a follas de pedimento tramitadas en novembro do ano 1998.

Pregunta polos cursos de informática que estaban programados no CACTI, ó que o Vicerrector de Investigación dille que se vai a respectar a programación.

Pregunta pola tramitación das infraestructuras tanto de equipamentos coma de bibliotecas.

D. Xosé Luís Outes Ruso roga que se corrixan os excesivos atrasos no pagamento de facturas na Oficina de I+D.

Pregunta por qué os administrativos que se acaban de incorporar ós seus postos, marcharán ós dous meses.

Transmite unha proposta do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade sobre a implantación dunha especialidade no plan de estudos da Licenciatura en Administración e Dirección de Empesas (2º ciclo, Campus de Ourense).

D. Enrique Barreiro Alonso roga que se axilicen os trámites para resolver as reclamacións dos concursos de profesorado.

Roga que se tomen medidas para dotar ó cadro de persoal de técnicos para que fagan o que antes facían os bolseiros de Setei.

D. Eusebio Corbacho Rosas pregunta pola convocatoria de profesores visitantes con concepto de "estimulo".

Roga que se dispoña na rede da información sobre o estado das áreas de coñecemento.

Dª Antía Rodríguez Nieves roga que se leve a cabo unha xuntanza de estudantes co Rector para tratar o tema do transporte.

D. Luis Espada Recarey pregunta quen é o responsable das obras de Industriais que ocasionaron a destrución da "estación de estudio da corrosión".

Roga que se lle responda a unha carta sobre o problema dunha praza de profesor asociado, ó que o Vicerrector de Profesorado dille que antes ten que reunirse coa Comisión de Reclamacións.

D. José Ángel Álvarez Moreira traslada a seguinte pregunta de Pérez Abellás:

"¿Por qué en los últimos procesos electorales de esta universidad ha habido una gran variación en los censos de los alumnos?

1º En las elecciones al Consello de Campus de Ourense no figuro en el listado de alumnos.

2º En las actuales elecciones a Consellos de Departamentos se me cambia de Departamento.

Llevo dos años como alumno de tercer ciclo en el Departamento de Psicología Evolutiva e

Educación. El trabajo de investigación lo llevo a cabo en dicho Departamento. Me presento como candidato al mismo Departamento en la actualidad.

¿Por qué se me incluye en los censos en el Departamento de Intervención Psicoeducativa junto a otros dos compañeros que también eran representantes en el departamento citado?"

A Secretaria Xeral explica o proceso seguido nas eleccións citadas.

O Sr Álvarez Moreira fai os seguintes rogos e preguntas:

Roga que conste na acta a resposta do Rector a todas as preguntas.

Pregunta pola situación do alumno César André en relación co problema das prácticas de Química Física Xeral do ano 1995/96.

Pregunta por qué non teñen voto todos os alumnos da Xunta de Centro, nas Xuntas de Titulación.

Roga que as Xuntas de Goberno non sexan sempre na ETS de Telecomunicacións.

Pregunta canto tarda a Universidade en pagar as bolsas propias.

D. Leopoldo José Cadaya Vidal pregunta polas instalacións deportivas no Campus de Ourense.

Pregunta se hai unha normativa para saídas de emerxencia nos centros ó que se lle responde que existe unha normativa pública.

Pregunta pola anulación das eleccións na Escola Universitaria de EXB Ourense.

Roga que se axilice o pagamento das axudas de custo dos asistentes á Xunta de Goberno.

D. Mariano Pérez Amor pregunta:

"¿ A quienes se les pidió audición antes de tomar la decisión de reconsiderar la ubicación del nuevo edificio de Minas en el Campus de Vigo?", como en esa titulación de Ingeniería de Minas imparten docencia unos 90 profesores, de los cuales solamente 11 tienen titulación de Ingeniero de Minas y, después de realizar averiguaciones parece que no hubo consulta oficial a los profesores que no tienen esa titulación (al menos el área a la que pertenece el que esto pregunta no fue consultada), ruego que con ánimo de que las resoluciones se tomen lo más consensuada y democráticamente posible, informe de esa decisión y recabe opinión de forma universal de aquellos a los que dicha decisión les atañe directamente".

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 19 horas do día 12 de marzo de 1999 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amodedo

Margarita Estévez Toranzo